

Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2018/G010/000005

ACTA Nº 2018/5 SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

- CASA DO CONCELLO , MARTES 30 DE OUTUBRO DE 2018 -

No día de hoxe, ás 20:15 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

Preside:

Benigno Galego Castro

Asisten:

Rocío Martínez Martínez ,Cándido Eusebio Prieto Lago, Marina Tojeiro Martínez , David Prada Aneiros , Ana Rodríguez Montero , Juan José Ramos Prieto , Pablo Casas Cibreiro e José Esmoris Aldao

Ausencias:

Ningunha

Secretaria-Interventora:


Paula Díaz Tie

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1. Aprobación , se procede , a acta do pleno reunido o día 31/08/2018 . Os membros do pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes , aprobaron a acta anterior

2.- -Festivos locais 2019. A secretaria deu lectura a proposta da Alcaldía seguinte:Dada a posibilidade de establecer dous días de cada ano natural como festa locais, segundo establece o artigo 37.2 do Estatuto dos Traballadores esta alcaldía propón ó pleno a aprobación da seguinte proposta:Primeiro - Establecer como festivos locais para o ano 2019, os días que determine os membros do pleno .Segundo- Remitirlle copia deste acordo a Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Traballo e Benestar. Cerdido, 17 de outubro de 2018O alcalde Benigno Galego Castro . A proposta da Alcaldía foi fixar como festivos locais os días 5 de marzo , martes de entroido e o día 24 de xuño , día de San Xoan . **Os membros do Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes aprobaron a proposta anterior.**



Concello de Cerdido (A Coruña)


As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2018/G010/000005

3.- Participación no programa “ Galicia Doing Business” protocolo de actuación asinado pola FEGAMP e a Xunta de Galicia . A secretaria deu lectura a proposta da Alcaldía seguinte: “Motivado pola intención desta Alcaldía de incorporar Cerdido o programa “ Concellos doing Business Galicia” aprobado mediante un protocolo de actuación entre a FEGAMP e a Xunta de Galicia para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia , no que se nos propón a inclusión nas ordenanzas fiscais dunha bonificación de ata 95 % da cota integra cando concorran circunstancias especiais de fomento de emprego .Esta Alcaldía propón a adopción do seguinte acordo : Primeiro : Participar na iniciativa “Doing Business Galicia” asumindo os compromisos establecidos na cláusula segunda do protocolo de actuación, de data 10/10/2017. 2. Iniciar expediente de modificación das ordenanzas fiscais reguladoras do IBI, IAE, ICIO. **Os membros do Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes aprobaron a proposta anterior.**

A concelleira Ana Rodríguez Montero afirma que lle parece ben a proposta pero hai poucas empresas no Concello que cumpran os requisitos .

4.-Inicio do expediente de modificación de ordenanzas fiscais dos impostos de bens inmobles , imposto de actividades económicas e imposto de construcións , instalacións e obras . A secretaria deu lectura a proposta da Alcaldía seguinte: “Motivado pola intención desta Alcaldía de incorporar Cerdido o programa “ Concellos doing Business Galicia” aprobado mediante un protocolo de actuación entre a FEGAMP e a Xunta de Galicia para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia , no que se nos propón a inclusión nas ordenanzas fiscais dunha bonificación de ata 95 % da cota integra cando concorran circunstancias especiais de fomento de emprego .Esta Alcaldía propón a adopción do seguinte acordo : **Primeiro** : Aprobar inicialmente a modificación das ordenanzas fiscais reguladoras do Imposto sobre o bens inmobles (IBI), imposto sobre actividades económicas (IAE) e o Imposto sobre construcións , instalacións e obras (ICIO) segundo o texto que se transcribe como anexo a este acordo **Segundo**: Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello e no *Boletín Oficial da Provincia*, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello **Terceiro**. Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2018/G010/000005

Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, debendo proceder a publicación do texto no BOP

TEXTO DAS ORDENANZAS A MODIFICAR :

ORDENANZA FISCAL , REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

Introdúcese un novo punto no artigo 5 . que quedaría redactado do seguinte xeito :

De acordo co establecido no artigo 74.2 quáter do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, establécese unha bonificación de ata o 95% da cota íntegra do imposto a favor dos bens inmobles urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen a dita declaración.

Esta bonificación será de aplicación unicamente a aqueles inmobles nos que teña lugar a implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros nos que se amplíen as instalacións sempre e cando impliquen creación de emprego.

A gradación da porcentaxe de bonificación aplicarase do xeito seguinte:

- ▣ De ata un 95% pola creación de máis de 20 postos de traballo.
- ▣ Cando menos o 75% pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
- ▣ Cando menos o 50% pola creación de ata 10 postos de traballo.


Para o cálculo dos postos de traballo estes deben supoñer a ocupación permanente de postos de traballo de nova creación a tempo completo. No caso de seren a tempo parcial o seu cálculo levarase a cabo mediante a equivalencia destes con postos de traballo a tempo completo.

A creación de novos postos de traballo acreditarase mediante a presentación por parte dos interesados das correspondentes altas da Seguridade Social:

- ▣ No réxime xeral, cando se trate de contratación por conta allea.
- ▣ No réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos, cando se trate de autoemprego.

No caso de que a creación de novos postos de traballo non poida xustificarse no momento de alta ou no momento de ampliación da actividade no Imposto sobre Actividades económicas xustificarse no prazo máximo de seis meses dende o devandito feito.

O emprego comprometido deberá manterse, cando menos, un período de tres anos desde o inicio ou ampliación da actividade polo suxeito pasivo. Tal circunstancia deberá ser acreditada por este ante os servizos tributarios do Concello dentro dos 15 días hábiles seguintes ao remate de cada ano



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2018/G010/000005

natural. O incumprimento dos requisitos indicados dará lugar ao inicio do correspondente expediente de reintegro

A dita bonificación será de aplicación nos supostos de implantación dunha nova actividade económica no período impositivo seguinte ao da implantación da nova actividade e no caso da ampliación das instalacións no período impositivo seguinte á presentación da preceptiva declaración catastral, e en ambos dous casos terá unha duración máxima de tres exercicios.

A dita bonificación concederáse a petición do interesado, a cal poderáse efectuar en calquera momento anterior á terminación dos 3 períodos impositivos de duración da mesma, e terá efectos no seu caso, dende o período impositivo no que se solicite.

A bonificación regulada neste apartado non será compatible con calquera outra bonificación no imposto.

Corresponderá ao Pleno da Corporación a dita declaración e se acordará previa solicitude do suxeito pasivo polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.”

Os suxeitos pasivos que, cumprindo os requisitos que se establecen, poidan gozar de algunha das bonificacións sinaladas, deberán presentar a correspondente solicitude, dirixida ao Excmo. Sr. Presidente da Deputación de A Coruña, antes do 01 de setembro do período impositivo anterior ao período impositivo no que pretendan que teña efecto, achegando a documentación sinalada, que se dirixirá á Alcaldía-presidencia para a súa elevación ao Pleno Corporativo.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS


Engádesse un novo artigo, artigo 6:

“4. De conformidade co establecido no artigo 88.2, letra e), do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, establécese unha bonificación de ata o 95% da cota correspondente para aqueles suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen a dita declaración.

Esta bonificación será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando impliquen creación de emprego.

A gradación da porcentaxe de bonificación aplicarase do xeito seguinte:

□ De ata un 95% pola creación de máis de 20 postos de traballo.



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2018/G010/000005

□ Cando menos o 75% pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.

□ Cando menos o 50% pola creación de ata 10 postos de traballo.

Para o cálculo dos postos de traballo estes deben supoñer a ocupación permanente de postos de traballo de nova creación a tempo completo. No caso de seren a tempo parcial o seu cálculo levarase a cabo mediante a equivalencia destes con postos de traballo a tempo completo.

A creación de novos postos de traballo acreditarase mediante a presentación por parte dos interesados das correspondentes altas da Seguridade Social:

□ No réxime xeral, cando se trate de contratación por conta allea.

□ No réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos, cando se trate de autoemprego.

No caso de que a creación de novos postos de traballo non poida xustificarse no momento de alta ou no momento de ampliación da actividade no Imposto sobre Actividades económicas xustificarse no prazo máximo de seis meses dende o devandito feito.

O emprego comprometido deberá manterse, cando menos, un período de tres anos desde o inicio ou ampliación da actividade polo suxeito pasivo. Tal circunstancia deberá ser acreditada por este ante os servizos tributarios do Concello dentro dos 15 días hábiles seguintes ao remate de cada ano natural no que se gozou da bonificación. O incumprimento dos requisitos indicados dará lugar ao inicio do correspondente expediente de reintegro

Considerarase implantación dunha nova actividade aquelas actividades que inicien o exercicio da súa actividade no municipio.


A bonificación empezará a contarse a partires do período impositivo no que se produza a alta da actividade no IAE. No suposto de ampliación das instalacións no período impositivo seguinte. A dita bonificación aplicarase por un período de 3 anos.

A dita bonificación concederase a petición do interesado, a cal poderase efectuar en calquera momento anterior á terminación dos 3 períodos impositivos de duración da mesma, e terá efectos no seu caso, dende o período impositivo no que se solicite.

A bonificación regulada neste apartado non será compatible con calquera outra bonificación no imposto.

Corresponderá ao Pleno da Corporación a dita declaración e se acordará previa solicitude do suxeito pasivo polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.”

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2018/G010/000005

Introdúcese un novo artigo 8 , un novo punto que queda redactado como sigue :

“2. De conformidade co establecido no artigo 103.2, letra a), do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, establécese unha bonificación de ata o 95% da cota correspondente para as construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen a dita declaración.

Esta bonificación será de aplicación unicamente a aquelas construcións, instalacións e obras destinadas á implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aquelas outras que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando impliquen creación de emprego.

A gradación da porcentaxe de bonificación aplicarase do xeito seguinte:

- ▣ De ata un 95% pola creación de máis de 20 postos de traballo.
- ▣ Cando menos o 75% pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
- ▣ Cando menos o 50% pola creación de ata 10 postos de traballo.

Para o cálculo dos postos de traballo estes deben supoñer a ocupación permanente de postos de traballo de nova creación a tempo completo. No caso de seren a tempo parcial o seu cálculo levarase a cabo mediante a equivalencia destes con postos de traballo a tempo completo.


A creación de novos postos de traballo acreditarase mediante a presentación por parte dos interesados das correspondentes altas da Seguridade Social:

- ▣ No réxime xeral, cando se trate de contratación por conta allea.
- ▣ No réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos, cando se trate de autoemprego.

No caso de que a creación de novos postos de traballo non poida xustificarse no momento de alta ou no momento de ampliación da actividade no Imposto sobre Actividades económicas xustificarse no prazo máximo de seis meses dende o devandito feito.

O emprego comprometido deberá manterse, cando menos, un período de tres anos desde o inicio ou ampliación da actividade polo suxeito pasivo. Tal circunstancia deberá ser acreditada por este ante os servizos tributarios do Concello dentro dos 15 días hábiles seguintes ao remate de cada trimestre. O incumprimento dos requisitos indicados dará lugar ao inicio do correspondente expediente de reintegro.

Non se considerará que se produce o inicio do exercicio dunha actividade cando esta se desenvolva anteriormente baixo outra titularidade. No caso de traslado de actividades dentro do termo municipal unicamente aplicarase para a creación de novos postos de traballo, non os xa existentes.



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2018/G010/000005

No prazo dun mes desde o remate da obra, conforme o prazo concedido, deberá achegar copia do certificado de final de obra ou comunicar esta circunstancia para a súa verificación polo servizo de urbanismo.

Nos seis meses seguintes do cumprimento do anterior requisito, deberá presentar copia da declaración previa de inicio de actividade, de ser o caso, ou comunicar a dita circunstancia para a súa verificación polo servizo de urbanismo.

Unha vez concluída a obra e obtida a primeira ocupación, para os efectos de practicaren a correspondente liquidación definitiva, o suxeito pasivo deberá presentar xustificante de creación de emprego no prazo máximo de seis meses desde o efectivo remate da obra, achegando copias do xustificante de alta no Imposto sobre Actividades Económicas, copias dos contratos subscritos para cubrir os postos de traballo de nova creación visados polo Servizo Público de Emprego e copias dos correspondentes TA2 presentados ante a Seguridade Social. De transcorrer ese prazo sen que se achegue a documentación requirida liquidaranse as cantidades bonificadas coa aplicación dos xuros de mora correspondentes.


En caos excepcionais e debidamente xustificados, previa solicitude do interesado, poderase conceder unha prórroga para a presentación da xustificación por un prazo non superior a seis meses, mediante Decreto da Alcaldía.

O Concello poderá esixir ao suxeito pasivo que achegue no prazo dun mes, a contar desde o seguinte á recepción do requirimento polo interesado calquera outra documentación que estime oportuna para os ditos efectos.

Corresponderá ao Pleno da Corporación a dita declaración e se acordará previa solicitude do suxeito pasivo polo voto favorable da maioría simple dos seus membros”

Os membros do Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes aprobaron a proposta anterior.

5.- Expediente de modificación de créditos 2018/T002/000011 financiado con Remanente de Tesoureira . A secretaria deu lectura a proposta da Alcaldía seguinte: “Vista a relación de gatos que se pretende realizar neste expediente de modificación de créditos , xustificando na necesidade de **ampliar** unha aplicación presupostaria para a cubrir gastos non previstos para realizar investimentos en materia de augas ,así como en materia de reparacións de viais para facer fronte a achega municipal ante o posible convenio coa Deputación da Coruña para mellorar os viais municipais ademais de suplementar as partidas de combustible para a piscina municipal e de reparacións dos vehículos municipais .E, unha vez tramitado o expediente administrativo e considerando o disposto no informe da secretaria-interventora do día 25.10.2018 e atendendo o



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2018/G010/000005

disposto nos artigos 177.2 do Texto Refundido da lei 39/1988, de 28 de decembro reguladora das facendas locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 , o artigo 37 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril os artigos 8 e 9 das bases de execución do actual presuposto municipal. Esta Alcaldía, propón a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: Aprobar a modificación de crédito, suplemento de crédito 2018/T002/000011 no vixente presuposto municipal con cargo o remanente de tesourería para gastos xerais segundo seguinte resumo:

GASTOS

Aplic.orzam.	Descrición	importe	
1531	639,00	Inversión de reposición	20.000,00
161	623,01	Instalación auga	40.000,00
342	221,03	Combustibles e carburantes	5000,00
1531	21400	Elementos de transporte	3000,00
		TOTAL GASTOS	68.000,00


INGRESOS

Aplic.orzamentaria	descrición	importe
870.00	Remanente de tesoureira	68,000,00 €
	TOTAL INGRESOS	

Segundo: Proceder a seguir os trámites que establece a lexislación vixente en relación a tramitación deses expedientes, procedendo a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. Cerdido , 25 de outubro de 2018.O alcalde **Benigno Galego Castro** .

Os membros do Pleno en votación ordinaria e por maioría dos presentes aprobaron a proposta anterior. Cinco votos a favor dos Concelleiros Rocío Martínez Martínez ,Cándido Eusebio Prieto Lago, Marina Tojeiro Martínez , David Prada Aneiros e o voto do Sr Alcalde **e catro abstencións dos concelleiros** Ana Rodríguez Montero , Juan José Ramos Prieto , Pablo Casas Cibreiro e José Esmoris Aldao

O alcalde explica as modificacións de credito que se pretende facer para por unha banda ter uns 20.000,00 como achega dun posible convenio de colaboración coa Deputacio da Coruña para pavimentar camiños , ampliar o servizo de abastecemento de auga a Pontellas por un importe de 40.000,00 € dado que o ano pasado queixábanse de non ter auga suficiente , e ampliar a partida para combustible da piscina , dado que verna non funcionaron as placas solares porque estaban inutilizadas a espera que se execute o contrato de obra de reformas da piscina , do que actualmetne este en proceso de rescision do contrato porque o contratista non aparece e deixou sen rematar a obra



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es


exp. 2018/G010/000005

A Concelleira Ana Rodríguez Montero, pregunta a Alcaldía sobre o nome da empresa e este lle contesta que Obras e Viales Cerne ,SL

Control e fiscalización dos órganos da Corporación:

6.-Dar conta das resolucións da Alcaldía . A secretaria deu lectura a seguinte relación :

Nº Decreto	Fecha	Asunto
174/2018	27/08/18	Xestión de Sesións Plenaria ordinaria agosto 2018
175/2018	28/08/18	Autorización para realizar espectáculo pirotécnico durante as festas do Rosario en A Barqueira
176/2018	31/08/18	Convenio de colaboración interadministrativa entre os concellos de Cerdido, Mañón e Ortigueira para a prestación do servizo de asesoramento e desenvolvemento local durante o exercicio 2018-2019, dentro das políticas activas de emprego promovidas pola Xunta de Galicia.
177/2018	31/08/18	Solicitud de uso dun local da area recreativa O Castro para uso particular
178/2018	05/09/18	Relación de recibos correspondentes ó mes de agosto do 2018 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar
179/2018	05/09/18	Reserva da biblioteca para un curso intensivo de bolillos organizado por Albar Quercus
180/2018	05/09/18	Solicitud General a nombre de Jose Manuel Roca Freire expone que os irmans Esmoris Aldao son propietarios por herencia de seus pais dunha parcela sita no lugar de os Castros parroquia de a Barqueira
181/2018	12/09/18	Alta no padrón municipal de habitantes en Rego da Madeira, 7, Os Casás
182/2018	12/09/18	Solicitud de autorización de peche de camiño para acondicionamento
183/2018	13/09/18	Decreto de devolucion de garantías de obras
184/2018	14/09/18	Alta a anotar no Padrón Municipal de Habitantes en Porto 33, A Barqueira
185/2018	14/09/18	Decreto de aprobacion da certifiaccion num 1 da obra : Sinalizacion e área recreativa Fraga dos Casas
186/2018	14/09/18	Aprobación e ordenación de pagos facturas de 2018/952 a 2018/1067, e outros
187/2018	18/09/18	Contrato Menor de servizos de direccion de obra e coordinador de seguridade e saude da obra :Reforma da Piscina Municipal
188/2018	21/09/18	Alta a anotar no Padrón Municipal de Habitantes deste Concello en Sete de Abaixo, 4, A Barqueira
189/2018	21/09/18	Autorización para usar un local de O Castro o día 29 de setembro para celebrar a VIII Xuntanza de Grupos Tradicionais



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2018/G010/000005


190/2018	24/09/18	Modificación presupuestaria por xeneracion de credito POS +ADICIONAL 1/2018
191/2018	26/09/18	Autorización a U.D. Cebarca para usar o polideportivo municipal os mércores, venres e domingos para os entrenamentos e competicións do equipo de fútbol sala
192/2018	28/09/18	Inicio expediente de resolución do contrato de Obras: Reformas na piscina municipal de O Castro
193/2018	28/09/18	Decreto de aprobacion da certificacio Núm 2 e final da obra :Sinalizacion e area recreativa en fraga dos Casas
194/2018	01/10/18	Decreto de contratacion de persoal de axuda a domicilio para cubrir unha baixa por ILT
195/2018	03/10/18	Autorización para realizar un espectáculo pirotécnico durante a celebración das festas parroquias da Barqueira os días 12 e 13 de outubro de 2018
196/2018	05/10/18	Decreto de contratacion de persoal de axuda no fogar par cubrir unhas vacacions
197/2018	05/10/18	Decreto de aprobacion da certificacion Núm. 2 e final da obra Camiño escola dos Casas - Pedrachantada (Os Casas) e outros , incluído no POS 2017+ complementario
198/2018	08/10/18	Decreto de aprobacion do expediente de contratación da obra :Camiño Covelo -Casanova (Os Casas) incluído no POS +2018 1/adicional
199/2018	09/10/18	Alta a anotar no Padrón Municipal de Habitantes en Vila da Igrexa, 23, Cerdido
2/2018	09/10/18	Alta no Padrón Municipal de Habitantes deste Concello en Soosloueiros, 1, A Barqueira
201/2018	16/10/18	Relación de recibos correspondentes ó mes de agosto do 2018 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar
202/2018	17/10/18	Aprobación de gastos relacionados nos anexo 1, de facturas número 2018/1068 a 2018/1189 ámbalas dúas incluídas, e outros gastos.
203/2018	22/10/18	Decreto de renuncia a achega a outros plans do POS 2017+, en relacion a obra de melloras do Polideportivo

A Concelleira Ana Rodríguez Montero solicita unha aclaracion sobre o contido do Decreto 203/2018 e pregunta en que consistian as obras

O Alcalde explica que se trata dun Plan da Deputación que podías solicitar as achegas a outros plans ou subvencións e se solicitou a achega municipal a unha subvención que se solicitou a Xunta para o pintado exterior e interior do Polideportivo , pero a Xunta non concedeu a subvención

7.- Rogos e Preguntas .

O Concelleiro Pablo Casas Cibreiro pregunta a alcaldía sobre unha sinais na Chaiña que fai un ano que non estan e porque non se lle amaña a luz publica da súa casa



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2018/G010/000005

O Alcalde explica que a sinal foi derribada por un accidente de tráfico por un camión, e se esta intentando que o cubra o seguro, polo que se solicitaron uns presupostos para o seu amaño. En relación a luz da súa vivenda, é un báculo que esta na súa propiedade e non esta enganchado a luz pública, a empresa de mantemento pasou por alí pero afirma que non da altura para conectarlo ao alumeadado público. O alcalde afirma que non entende como un báculo esta enganchado a luz da súa vivenda.

O concelleiro Pablo Casas Cibreiro explica que o báculo foi unha sobra que se cedeu por parte dunha empresa de mantemento de alumeadado, xa fai moitos anos cando cada casa tiña unha farola, pero si hai algún problema maña mesmo saca o báculo.

A concelleira Ana Rodríguez Montero engade que hai farolas que alumean montes e casas que non teñen a pista ao lado, están sen luz pública.

Sendo ás 20:45 horas e dado que non hai máis asuntos que tratar. E por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

Cerdido mércores 31 de outubro de 2018

A secretaria, Paula Díaz Tie

O alcalde, Benigno Galego Castro